

# Damas negras

*Damas negras é o necesario recoñecemento do importante que foi a voz (poética) das mulleres que usaron como soporte o canto. Tamén é un sorprendente recordatorio de como, desde as marxes, como sempre, as mulleres de alma e corpo negro aquelaron niño de seu para nos contar as súas vivencias reais do desamor...*

# n

on resulta nada doado verquer tinta sobre a tinta cando temos a cabeza ocupada no piche pegañento. Nestes días leo con teimosía aquel texto de Cunqueiro sobre o *Monte Urquiola* recollido por Néstor Luján en *Fábulas y leyendas del mar* (gracias, Carme, por mo lembrar), ou as moitas pasaxes nas que Rivas fala da dura vida na ribeira, na Costa da Morte, en Terranova... ou o mar de Manuel Antonio e Xohana Torres, que nos é roubado. Estes son dos poucos textos que podo ler, nestes días, en conciencia; isto, e percorrer co dedo acusador os mapas da xeografía do fuel. Tamén anda comigo desde hai unhas semanas, de metro en metro, *Damas negras. Música e poesía cantada por mulleres* (Vigo: Xerais, 2002) unha magnífica antoloxía da mellor lectora que eu coñezo, María do Cebreiro. Só alguén capaz de ler nos textos e nos corpos como ela le, podía facer con tanto acerto unha tradución que precisa manter o alento de letras vividas, auténticas. Só unha lectora de fondo coma ela, podía traducir estas voces negras con tan profundo sotaque galego: o blues de Bessie Smith, como ela mesma avisa, soa en galego a cantiga de amigo ("Negra é a cor do pelo do meu ben / Negra é a cor do pelo do meu ben"); a cantiga de emigrante de Tina Turner sobre un lugar de Tennessee en galego

convértese en *O confin da cidade de Nogueira*; e o *Freedom now* que Tracy Chapman compuxo pensando en Nelson Mandela en galego vernízase de Ferrín: *Reclamo a liberdade*; e Ella Fitzgerald en galego di "ailalelo, ailalelo".

Algunha vez dixen, a propósito de Florencio Delgado Gurriarán, que o poeta cando traduce escribe as súas notas sobre partitura allea (a idea non é miña, sae dos lectores atentos de Cunqueiro); é dicir, "utiliza" a tradución e calca debuxos de seu sobre papel cebola. Así tamén María do Cebreiro con quen por veces o traductor estricto poderá disentir, pero nunca lle poderá botar en cara que se trata dunha tradución honesta e absolutamente tinxida de negro.

*Damas negras* é o necesario recoñecemento do importante que foi a voz (poética) das mulleres que usaron como soporte o canto. Tamén é un sorprendente recordatorio de como, desde as marxes, como sempre, as mulleres de alma e corpo negro aquelaron niño de seu para nos contar as súas vivencias reais do desamor, do desarraigo, da prostitución, da inxustiza, do gozo, da maternidade ou da liberdade. Tamén da violencia doméstica, que nos adiantaran, antes de que fora berro común, as voces de Koko Taylor ou Billie Holliday. E, por suposto, é unha extraordinaria guía de viaxe polas rotas femininas da negritude norteamericana, desde as vellas damas do blues deica as máis urbanas mozas do hip-hop, aínda que moitas letras foron escritas por homes (nada novo, pasou coas coplas de Concha Piquer, pasou tamén coa cantiga de amigo).

Damas negras son hoxe, onda nós, as mariscadoras, as peixeiras, as mulleres do mar, que teñen tinxido o seu mundo todo por unha amarga colleita. Damas negras son as que erguen a voz e poden falar, desde o íntimo, sobre o mundo coa contundencia da certeza: "¿Onde van ir meus fillos cando acabe todo isto? ¿A Canarias...?" (oído en TV3). Ou se o prefiren na voz do blues, de Bessie Smith: "Non volverei ata que mudes de camiño / Non volverei ata que mudes de camiño".

hELENA GONZÁLEZ

